

PROGRAMA DE DESEÑOS DE INVESTIGACION II

**CURSO 2007-08
Profa. Teresa Braña Tobío**

I. INTRODUCCION

Tema 1. Introducción os métodos e deseños de investigación non experimentais en Psicoloxía. Concepto e criterios de clasificación. Traxectoria histórica. Validez interna e validez externa.

II. DESEÑOS CUASIEXPERIMENTAIS

Tema 2. Deseños cuasiexperimentais. Conceptos básicos, características e clasificación.

Tema 3. Deseños de grupo control non equivalente. Concepto e características. Tipos de deseños.

Tema 4. Deseños de series temporais interrompidas. Concepto e características. Estructura das fases. Tipos de deseños.

Tema 5. Deseños de replicación intrasuxeito (I). Concepto, características e criterios de clasificación. Deseños de reversión.

Tema 6. Deseños de replicación intrasuxeito (II). Deseños de non reversión.

III. METODOLOXIA SELECTIVA

Tema 7. Métodos selectivos. Concepto e criterios de clasificación.

Tema 8. Técnicas de selección dos compoñentes dunha mostra. Mostraxe. Técnicas de mostraxe probabilístico e técnicas de mostraxe non probabilístico.

Tema 9. Instrumentos de recollida de datos. Entrevista: concepto, características e tipos de entrevista. Cuestionario: concepto, características, consideracións na elaboración das preguntas, tipos de cuestionarios.

Tema 10. Deseños transversais e deseños lonxitudinais. Concepto, características e tipos.

IV. METODOLOXIA OBSERVACIONAL

Tema 11. Método observacional. Concepto e fundamentos da observación. Tipos de deseños.

Tema 12. Planificación dunha investigación observacional. Categorización, codificación, mostraxe observacional e rexistro.

Tema 13. Deseños sincrónicos e deseños diacrónicos.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

ANGUERA, M.T. , ARNAU, J. , ATO, M., MARTINEZ, M.T., PASCUAL, J Y VALLEJO, G. (1995). **Métodos de investigación en Psicología**. Madrid: Síntesis.

ARNAU, J. (1984). **Diseños experimentales en Psicología y Educación (Vol. 2)**. México: Trillas.

ARNAU, J., ANGUERA, M.T. y GOMEZ, J. (1990) **Metodología de la investigación en Ciencias del Comportamiento**. Murcia: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Murcia.

BARLOW, D.H. y HERSEN, M (1988). **Diseños experimentales de caso único**. Barcelona: Martínez Roca.

DÍAZ DE RADA, V. (2002). **Tipos de encuestas y diseños de investigación**. Navarra: Servicio de publicaciones de la Universidad Pública de Navarra.

FONTES, S., GARCÍA, C., GARRIGA, A. J., PÉREZ-LLANTADA, M.C. y SARRIÁ, E., (2001). **Diseños de investigación en Psicología**. Madrid: U.N.E.D.

GAMBARA, H. (2002). **Métodos de Investigación en Psicología y Educación. Cuaderno de prácticas**. Madrid: McGraw-Hill.

KAZDIN, A.E. (2001). **Métodos de investigación en Psicología Clínica**. México: Prentice Hall

KERLINGUER, F.N. y LEE, H.B. (2002): **Investigación del Comportamiento. Métodos de Investigación en Ciencias Sociales (4ª Ed.)**. Madrid: McGraw-Hill.

LEON, O. G. y MONTERO, I. (2003). **Métodos de Investigación en Psicología y Educación**. Madrid: McGraw-Hill.

ROJAS, W.J., FERNANDEZ, J.S. y PEREZ, C. (1998). **Investigar mediante encuestas. Aspectos teóricos y aspectos prácticos**. Madrid: Ed. Síntesis.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

ANGUERA, M.T. (1991). **Metodología observacional en la investigación psicológica. Vol. 1: Fundamentación (1)**. Barcelona: P.P.U.

ANGUERA, M.T. (1993). **Metodología observacional en la investigación psicológica. Vol. 2: Fundamentación (2)**. Barcelona: P.P.U.

ATO,M. (1991). **Investigación en Ciencias del Comportamiento**. Barcelona: PPU.

ATO,M., y VALLEJO, G. (2007). **Diseños experimentales en Psicología**. Madrid: Pirámide.

AZORIN, F. y SANCHEZ-CRESPO, J.L. (1986). **Métodos y aplicaciones del muestreo**. Madrid: Alianza Universidad.

BISQUERRA, R. (2000). **Métodos de investigación educativa**. Barcelona: Ceac Educación.

BORDENS, K.S. y ABBOTT, B.B. (1991). **Research Design and Methods**. Palo Alto, CA: Mayfield.

CAMPBELL, D. y STANLEY, J. (1979). **Diseños experimentales y cuasiexperimentales en la investigación social**. Buenos Aires: Amorrortu.

COOK, T.D. y CAMPBELL, D.T. (1979) . **Quasi-Experimentation. Desing & Analisis Issues for Field Settings**. Boston: Houghton Mifflin Co.

COZBY, P.C. (1989). **Methods in Behavioral Research**. Palo Alto: Mayfield.

FERNÁNDEZ, A. (2002). **Investigación y técnicas de mercado**. Madrid: ESIC Editorial.

HERNÁNDEZ, R., FERNÁNDEZ, C. y BAPTISTA, L. (2006). **Metodología de la investigación**. Madrid: McGraw-Hill.

KAZDIN, A.E. (1982). **Single-Case Research Design**. New York: Oxford University Press.

KING, G., KEOHANE, R.O. y VERBA, S. (2000). **El diseño de la investigación social. La inferencia científica en los estudios cualitativos**. Madrid: Alianza Editorial.

KISH, L. (1975). **Muestreo de encuestas**. México: Trillas.

LEÓN, O.G. (2005). **Cómo redactor textos científicos en Psicología y Educación**. Madrid: Netbiblo.

LEON, O. G. y MONTERO, I. (2006). **Metodologías científicas en Psicología**. Barcelona: UOC

LEWIS-BECK, M.S. (1986). Interrupted Time Series. En W.D. Berry y M.S. Lewis-Beck (Eds.). **New Tools for Social Scientists** (pp. 209-240). Beverly Hills: Sage Pubs.

MORENO, R., MARTINEZ, R.J. y CHACON, S. (2000). **Fundamentos metodológicos en Psicología y ciencias afines**. Madrid: Pirámide.

PEREZ, C. (1999): **Técnicas de muestreo estadístico**. Madrid: ra-ma.

VALLEJO, G. (1996). **Diseño de Series Temporales Interrumpidas**. Barcelona: Ariel.

OBXECTIVOS DOCENTES

Coa docencia da materia de Deseños de Investigación II pretendese conseguir os seguintes obxectivos:

- Adquisición da terminoloxía básica propia das distintas modalidades de investigación en Psicoloxía.
- Proporcionar os coñecementos básicos sobre os diferentes métodos e deseños de investigación en Psicoloxía.
- Introducir ao/a alumno/a na filosofía de investigación, de xeito que aprenda a planificar e estruturar traballos de investigación, elixindo o método, o deseño e as técnicas máis axeitadas.

- Que os estudantes de Psicoloxía sexan capaces de ler e analizar de forma crítica, calquera informe ou comunicación científica.

CLASES PRACTICAS

A materia de **DESEÑOS DE INVESTIGACION II** está adscrita á Area de Metodoloxía das Ciencias do Comportamento do Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía da Facultade de Psicoloxía.

De acordo co Plan de Estudos aprobado polo Ministerio, os descritores da asignatura **DESEÑOS DE INVESTIGACIÓN** son os seguintes: Metodoloxía observacional, selectiva e experimental. Metodoloxías cualitativas. Metodoloxías cuantitativas. Dentro da materia **DESEÑOS DE INVESTIGACIÓN I** estúdiase o Método Experimental en tanto que os restantes contidos aos que aluden os descritores serán obxectivo a tratar na asignatura de **DESEÑOS DE INVESTIGACIÓN II**. Esta materia ten carácter obrigatorio e comprende un total de 5 créditos, dos cales 2 son prácticos. O longo do curso realizaranse diferentes prácticas organizadas por bloques temáticos de acordo co programa teórico desenrolado.

O obxectivo a cubrir coas prácticas é que a partir da presentación dunha investigación (xa sexa esta cuasiexperimental, selectiva ou observacional), o/a alumno/a identifique as variables, formule as hipóteses pertinentes a cada caso, elabore un posible deseño de investigación e, perante hipotéticos resultados, elabore unhas conclusións, quedando todo iso recollido nun informe de investigación. En definitiva, preténdese que ao rematar o curso os alumnos/as diferencien os distintos procedementos de investigación científica, que planifiquen unha investigación atendendo aos obxectivos que se perseguen coa mesma, as variables implicadas en cada caso, as características da poboación de referencia, dos recursos dispoñibles, etc. Así mesmo preténdese tamén previr os erros que se poder cometer na planificación dunha investigación, e determinar os tamaños de mostra

mais axeitados tendo en conta as características da investigación así como da poboación a estudar.

METODOLOXÍA DE ENSINANZA

A carga lectiva da materia é de dúas horas teóricas e dúas prácticas á semana. A docencia impartirase en castelán e para o desenrolo das clases teóricas empregarase o Power-Point; coa suficiente antelación os/as alumnos/as terán a súa disposición, na fotocopiadora da facultade, as diapositivas e o material que se desenrolarán mais amplamente en clase.

Con relación á dinámica das clases practicas, é preciso suññar que non se poderá consultar o material (polo que resulta imprescindible revisar con antelación as clases o contido teórico necesario), proporcionándose unha fotocopia coa investigación a analizar ou a desenrolar nas mesmas. Asemade nas clases prácticas tamén se presentarán baterías de preguntas de contido teórico. Na parte adicada a mostraxe, os/as alumnos/as terán que facer as determinacións dos tamaños de mostra de acordo coas indicacións dadas en cada caso. As veces, ao rematar a práctica se pedirá o traballo realizado na mesma para a súa revisión, a entrega será voluntaria e no caso de que estea ben feita será tida en conta tal e como se indica no apartado de avaliación.

AVALIACION

Unha vez rematado o curso, e na data establecida no calendario oficial de exames, procederase á avaliación. Todos os/as alumnos/as matriculados/as na materia realizarán dous exames; o primeiro deles será un exame teórico consistente nunha proba obxectiva referida os contidos teóricos recollidos no programa, no que a lo menos haberá que ter o 75% das preguntas correctas (non tendo en conta os erros que se puideran cometer). O

segundo exame será de carácter práctico e terá un contido semellante ao desenrolado nas clases prácticas. Para aprobar a materia será imprescindible que o alumno/a supere, de forma independente, cada unha das probas antes sinaladas. A nota final obterase facendo a media entre la puntuación obtida na parte teórica e a puntuación obtida na parte práctica. Aqueles alumnos que ó longo do curso entregaran o informe cando se lle require nas clases prácticas, poderían superar a materia tendo unha parte aprobada e a outra cunha nota comprendida entre 4 e 5.

Finalmente, e seguindo as instruccións do Decanato da Facultade, indicar que todos os/as alumnos/as que se presenten a calquera das probas de avaliación terán que facelo con algún documento que os identifique (D.N.I., carnet de estudante, carnet de conducir, etc.), procedéndose a súa identificación no momento de entrega-lo exame.

